

ANUNCIO

Por decreto de Alcaldía núm. 226/2021 de 23.04.21, acordouse convocar proceso selectivo para contratación laboral temporal de dous/dúas técnicos/as de turismo no Concello de Valdoviño; ao abeiro de subvención do programa DP0029 da Deputación Provincial da coruña; así como aprobar as bases.

Publicase a parte dispositiva do citado decreto, xunto coas bases de contratación e modelo de instancia, sendo o contido o seguinte:

“Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei e en base ao mencionado, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar, a prioritaria e urxente necesidade de contratar persoal laboral temporal para a prestación do servizo da área de turismo, ao abeiro do programa se subvención da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Omitir o carácter condicionado que aparece no punto terceiro das bases elaboradas ao ter recibido comunicación de subvención con carácter definitivo.

TERCEIRO.- - Aprobar a CONVOCATORIA E AS BASES para contratación de dous/duas técnicos/as de turismo,segundo ANEXO.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS TECNICOS DE TURISMO

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto a contratación laboral temporal de dous técnicos de turismo durante un máximo de catro meses coa finalidade de promocionar e difundir as diferentes actividades turísticas entre a poboación de Valdoviño e os visitantes, vinculada á subvención concedida pola Deputación Provincial a través do Programa DP0029/2021 de subvencións dirixido a los concellos e agrupación de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de Turismo durante o exercicio 2021.

A presente contratación quedará **CONDICIONADA** á concesión definitiva da subvención, quedando sen efecto o proceso de selección en caso de non concederse.

As funcións a desempeñar serán, en xeral, as seguintes: atención ao público, atención telefónica, dar resposta a información demandada a través de correo ordinario, fax e correo electrónico, preparación de material promocional turístico para distintas feiras e eventos,

colaborar no deseño e na elaboración de rutas comarcais, realización de visitas guiadas, archivar documentos e informes, cubrir formularios e elaborar informes estatísticos.

Segunda.- Orzamento

Toda vez que o financiamento deriva do programa subvencionado indicado. Concedida a axuda as aplicacións orzamentarias nas que se xerará crédito serán 432.12001, 432.12009, 432.12100, 432.12101 e 432.16000.

Terceira.- Tipo de contrato e duración

Contrato temporal de duración determinada. Modalidad de obra o servizo determinado. *Persoal oficina de turismo*, a tempo parcial, vinculado á subvención concedida, que se estenderá durante catro meses. Iniciarase coa maior brevidade en canto se remate o proceso de selección de persoal. A presente contratación quedará **CONDICIONADA** á concesión definitiva da subvención, quedando sen efecto o proceso de selección en caso de non concederse.

Cuarta.- Retribucións

As retribucións serán as correspondientes a un subgrupo A2, con nivel complemento e destino 18 e complemento específico de 50 euros. Estes importes deberán reducirse ao 60%, no programa subvencionado do ano 2021, aos efectos de seleccionar dos empregados, para que ambos poidan disfrutar dos descansos conforme á lexislación vixente.

Quinta.- Xornada de traballo

Xornada parcial, do 60%. Poidendo variar en función do financiamento disponible.

Sexta.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Teren cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Técnico superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente, Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Sétima.- Dereitos de exame.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 40,00 € , de conformidade co disposto no artigo 5, concepto 4 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola participación en probas selectivas do Concello de Valdoviño.

O dito importe poderase facer efectivo mediante carta de pago expedida polo Concello ou a través de transferencia bancaria na conta do Concello de Abanca: IBAN ES47 2080 0213 5431 1000 0026, especificando dereitos de exame para técnico de turismo.

En ningún caso a presentación e pago de taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia.

De conformidade co disposto no artigo 6 a citada Ordenanza Fiscal , aplicaranse as exencións e bonificacións previstas no artigo 6 da devandita Ordenanza Fiscal

Oitava.- Órgano de selección

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres Vogais e un Secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto polo art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que será esixible a todos e cada un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Deberán

posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o resto do persoal eventual non poderán formar parte deles. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de ninguén.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Tampouco poderán formar parte do tribunal os funcionarios que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Os membros do tribunal que estean incurso nalgunha desas causas deberán comunicalo inmediatamente á autoridade convocante, quen resolverá o procedente.

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

No que respecta á súa constitución e formación de vontade, rexerase pola Lei de procedemento administrativo, estando facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se poideran plantexar.

Novena.- Publicidade da convocatoria

A Convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, no taboleiro de anuncios municipal, e na páxina web do concello: www.concellodevaldovino.com.

Decima.- Procedemento de selección. Oposición libre.

Proba escrita eliminatoria.

Décimo primeira.- Presentación de solicitudes e admisión de candidatos

As instancias solicitando tomar parte nos procesos selectivos, co modelo oficial ou normalizado que figura como anexo I destas bases, dirixiranse á Alcaldía da Corporación e

presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cumprimentadas, durante o prazo de 5 días naturais, contados dende o seguinte hábil ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Poderán, así mesmo, remitirse as instancias na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no rexistro xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Non se admitirán as solicitudes que non se formulen no modelo oficial que figura como anexo I nin as que se reciban no Concello unha vez aprobada pola Alcaldía a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as definitiva, se for o caso, con independencia do procedemento utilizado para envialas.

Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base Sexta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou Tarxeta de Residente.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para participar na convocatoria.
- Xustificante do pago das taxas.
- Celga 4 (ou equivalente) .

A documentación que se presente deberá estar numerada correlativamente.

O segundo día hábil seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de solicitudes, como máximo, acordarase, por Resolución da Alcaldía, a admisión e exclusión de candidatos/as, se for o caso, e publicarase inmediatamente a lista de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios municipal, con indicación do día e hora estimada para o inicio das probas de selección (en función do número de candidatos/as admitidos/as), procurando que non se demore máis de cinco días hábiles, e así mesmo determinará a composición do órgano de selección. Durante o prazo dos dous días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións, que, do mesmo xeito, serán resoltas por resolución da Alcaldía o día hábil seguinte (excepto sábado) a aquel no que finalice o dito

prazo. O resultado, no caso de que houberse modificacións ou reclamacións, publicarase inmediatamente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Décimo segunda.- Proba escrita

- Primeiro exercizo. Proba escrita (en galego)

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito en galego, no tempo máximo de 1 hora un cuestionario de vinte (20) preguntas curtas ou tipo test, relativas á historia de Valdoviño e a súa Comarca, á realidade física e xeográfica do termo municipal e aos recursos patrimoniais e turísticos que posúe (Xeografía de Valdoviño. Comunicacións, lugares e parroquias. Historia de Valdoviño. O patrimonio de Valdoviño: histórico, artístico, natural. Patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía.)

Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 20 puntos (a razón de 1 punto cada resposta correcta), sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 10 puntos. Realizaráanse dúas preguntas de reserva, para o caso de empate.

As respostas falladas descontarán 0,50 puntos.

As respostas en branco descontarán 0,25 puntos.

O tribunal poderá chamar aos aspirantes para a lectura do seu exáme.

Segundo exercizo.- Proba de galego.

Únicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do nivel de coñecemento de galego requirido nas bases (CELGA 4, ou equivalente).

Este exercicio consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba; que resultará acorde ás características funcionais da vacante convocada, e na que se deberá demostrar unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega requirido na convocatoria (CELGA 4). Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de “apto/a”; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

Esta proba cualificará ás persoas aspirantes como apta ou non apta.

As persoas que non obteñan a cualificación de aptas nesta proba específica ou que, alternativamente, non teñan acreditado posuír o CELGA 4 (ou equivalente), quedarán eliminadas do proceso selectivo.

Décimo terceira.- Selección

O órgano de selección reunirse á hora determinada polo Sr. Alcalde de acordo co indicado na base décima, e despois de ser anunciado no taboleiro de anuncios do Concello, para realizar a selección e propoñer á Alcaldía a designación do candidato que maior puntuación obtivesen, o que obtivese maior puntuación desempeñará o posto a tempo completo e o segundo a tempo parcial, agás renuncia do primeiro.

Poderase deixar deserta a convocatoria se se considera procedente.

Unha vez realizada a selección proporase á Alcaldía a elaboración dunha listaxe cos restantes candidatos, por orde da puntuación obtida, para os efectos exclusivos de cubrir o posto, no caso de que algún dos seleccionados non puidese ser nomeado, causase baixa ou outras incidencias.

A listaxe de aspirantes será aprobada por resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados. Contra a resolución aprobatoria das listaxes, que agotará a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo segundo o que dispón a normativa vixente.

As listaxes permanecerán en vigor mentres dure o servizo.

Décimo cuarta.- Incorporación

O/os que resulten seleccionado/os, dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación do resultado no Taboleiro de Anuncios Municipal, tendo tal publicación efectos de requirimento, deberá de achegar, no caso de que non o fixera con anterioridade, a seguinte documentación:

-Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción

-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

-Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

Unha vez achegada a documentación, será nomeado, por resolución da Alcaldía, persoal laboral temporal do concello para o cargo para o que foi seleccionado e, previa sinatura do correspondente contrato e alta na Seguridade Social, haberá de incorporarse ao seu posto.

Quen dentro do prazo de tres días indicado, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incurrir por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

Coa finalidade de axilizar os trámites, os chamamentos ou requirimentos aos seguintes candidatos efectuaranse telefonicamente, contactándose con eles no número de teléfono que deixen de referencia na solicitude, pasando ao seguinte candidato no suposto de que no se contactase co que correspondera despois de tres chamadas en horas diferentes ao longo de dous días.

O Tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa onde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO DE TURISMO

D./D.^a _____ con
DNI _____, con domicilio para os efectos de notificación en
_____ teléfono _____, e correo
electrónico _____

EXPOÑO:

- 1.-Que tiver coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Valdoviño para a contratación laboral temporal indicada.
- 2.-Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
- 3.-Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
- 4.-Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a fotocopia compulsada do meu DNI ou Tarxeta de Residente.
- 5.-Que presento toda a documentación numerada correlativamente.

Por iso, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Valdoviño, ____ de _____ de 2021

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”

O que se publica para xeral coñecemento.
Valdoviño, a 23 de abril de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández.